



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
VINTE DE ABRIL DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte de abril de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (30/03/2016)

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas e bolsas ao estudo

Dáse conta da proposta conxunta dos tres grupos municipais, PP, PSdG-PSOE e BNG-AA, que di o seguinte:

“Que en función do resultado da regularización do catastro, se houbese algún estudante que polo incremento perdese o seu dereito á bolsa, ou se vise a mesma diminuída por esa circunstancia, o concello buscaría fórmulas para a súa compensación”.

O Sr. Castro do BNG-AA di que agradece este acordo rápido sen máis discusión neste tema, pero en todo caso non deixa de ser un remendo así de emerxencia para tratar de paliar uns criterios que o Ministerio de Educación aplica, de maneira un pouco inxusta. Sinala que xa advertiron deste problema, e doutros derivados da regularización catastral, e por iso o BNG-AA presentou no mes de outubro, con tempo e prazo suficiente para que fose de aplicación no ano 2016, unha moción, na que entre outras medidas, se



solicitaba que o concello instase a revisión do catastro, dos valores, e así mesmo deixar sen efecto a citada regularización en tanto non se executase a citada revisión, pero quedou aí no caixón debido á maioría absoluta do PP, e agora atopámonos que se aplican os valores catastrais froito da regularización coas consecuencias negativas que tratamos de paliar, co cal alégranse de aprobar este remendo, pero unha vez aprobado pídelle ao grupo de goberno que permita o debate da moción e aprobar solucións de futuro.

A Presidencia expón que evidentemente alégrase de acadar esta proposta conxunta dos tres grupos municipais, pero que non lle parece tan ben aproveitar o momento para facer unha crítica política, que hai outros momentos para volver a falar do tema do IBI, e en calquera caso quere matizar que o PP non meteu a moción no caixón; que todas estas propostas que se fixeron nese momento saben de sobra que necesitan de informes xurídicos, os cales incluso desgraciadamente, moitas desas propostas que lle puidesen parecer ben non son legais, incluso ao mellor hai que modificar as propostas e facelas a Madrid para modificar a lei.

Sinala que hai que ter un debate sereno e serio neste tema, e probablemente será no vindeiro pleno e poderanse debater todas esas cuestións, pero non é porque o PP os deixase nun caixón, senón porque eran necesarios informes xurídicos previos, dos técnicos nesa materia, e como se falou, moitas das propostas que se facían coa mellor das intencións, non son acordes coa lei, e polo tanto non se poden aprobar no pleno.

O Sr. Castro expón que os informes dos que fala a Presidencia son referentes ao IBI, o asunto que nos trae aquí e que forma parte da moción, e que fan mención no tema das bolsas de estudo e dos servizos de asistencia no fogar, son referentes á regularización catastral, e nesa moción hai unha parte que non está afectada polos informes, polo que pide debatela e sacala adiante.

A Presidencia di que se trata do relatorio de valores, e que se pode solicitar pero non hai garantías de que a leven adiante, que depende do Ministerio de Economía e Facenda, e en calquera caso dá o mesmo que se fixese en outubro ou agora en maio, posto que non afectaría ao ano 2016, polo que o acordo que se toma agora é bo para os estudantes de Vedra, e que no tema da revisión dos valores catastrais van estar de acordo todos.

O Sr. Castro di que se alegra de que o PP estea de acordo nisto e en moitas máis propostas que trae o BNG-AA, pero o único que fai é dicirlle que está de acordo, porque levalas á práctica e facer accións nada de nada.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o seu grupo evidentemente está de acordo coa proposta, aínda que efectivamente se trata dun remendo, o que debe ser, e así o solicitou o BNG na súa moción, é que se modifiquen os valores catastrais, que se pode solicitar e que se aprobara ou non, pero polo menos agora adoptamos este remendo.

Posta a votación a proposta dos tres grupos, o Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobala.

3º.- Acordo, se procede, sobre elección de Xuíz de Paz Titular de Vedra



Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día dezaoito de abril do ano que andamos:

“Dáse conta da tramitación do expediente para a elección de Xuíz de Paz Titular de Vedra, conforme ao establecido nos artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e nos artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz , publicándose anuncio no BOP núm. 47/16, do 19 de marzo, presentándose en prazo as solicitudes que constan no expediente.

Á vista das solicitudes e currículos dos aspirantes os grupos PP e PSdG-PSOE propoñen a don Arturo Cajaraville Gómez pola súa experiencia no cargo e a súa dedicación.

Pola súa parte o BNG-AA propón a designación de dona María Neira Fernández por cuestión de discriminación positiva de sexo e xuventude, que lle pode dar unha visión ao cargo distinta da actual, tendo formación suficiente para o cargo e ser veciña de Vedra.”

Dado que existen dúas propostas, sométese a votación a proposta de votar unicamente a proposta maioritaria, obténdose un resultado de once votos a favor do PP e PSdG-PSOE e dúas abstencións do BNG-AA.

De seguido sométese a votación a proposta maioritaria de designar a don Arturo Cajaraville Gómez como Xuíz de Paz Titular do Concello de Vedra, e o Pleno con 11 votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e dúas abstencións do BNG-AA, aproba a citada proposta.

4º.- Acordo, se procede, sobre denominación do CRA Boqueixón -Vedra como CRA Boqueixón -Vedra “Neira Vilas”

Dáse conta da proposta de designar o Centro Rural Agrupado Boqueixón -Vedra, como Centro Rural Agrupado Boqueixón -Vedra “Neira Vilas”.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, aproba a citada proposta.

5º.- Adhesión ao Convenio marco de colaboración entre a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fegamp en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE)

A Presidencia expón que a semana pasada chegou por correo electrónico a documentación deste convenio asinado, con data 1 de marzo, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fegamp para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), que ten por obxecto dotar aos puntos limpos de titularidade municipal e supra -municipal de Galicia do equipamento para a recollida e clasificación deste tipo de residuos: medios para a pesada do RAEE recollidos; marquesiñas para o almacenamento dos RAEE; barreiras de estanquidade e beirís perimetrais e carteis distintivos correspondentes ás distintas fraccións de RAEE.

Sinala que nun primeiro momento non se fixou no prazo que existía para que o concello se adherise ao mesmo, por iso non se levou á Comisión Informativa , pero dado que



remata o 30 de abril , hoxe remitímosllo aos voceiros para incluílo de urxencia neste pleno, solicitando desculpas e a aprobación da súa urxencia.

Posta a votación a urxencia apróbase por unanimidade.

Dona Beatriz Amenal di que como lle chegou hoxe que o mirou por encima, preguntando se a adhesión ao mesmo supón que o punto limpo vai estar máis horas aberto e se vai existir persoal cualificado para facer a separación dos residuos; contestándolle a Presidencia que non, que só van dotar ao punto limpo de medios materiais para a recollida e clasificación deste tipo de residuos, polo que a citada concelleira anuncia que o seu grupo vai votar a favor, porque todo o que sexa unha recollida selectiva do lixo é sempre positiva, aínda que para este tipo de cuestións solicita dispor de máis tempo para poder estudalas con máis calma.

O Sr. Pose do BNG di que está de acordo co exposto pola voceira do PSdG-PSOE, e solicita dispor da documentación con máis horas de antelación para poder estudala antes de debatela no pleno.

A Presidencia di que asume a responsabilidade, pero que non houbo mala fe pola súa parte neste tema, agradecéndolle aos demais grupos a súa dispoñibilidade para aprobalo neste pleno.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda adherirse ao Convenio marco de colaboración asinado o día trinta de marzo de 2016 entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Fegamp, co fin de dotar ao punto limpo de titularidade municipal do equipamento necesario, de entre o comprendido no obxecto do presente convenio, para a recollida e clasificación de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores

--Á pregunta do Sr. Lago Lestón sobre do custo da carpa que se instalou para o Entroido, di que ascendeu a 726 euros.

--Ás preguntas de dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da estrada Vedra -Santa Lucía, di que onte tiveron unha xuntanza, que tiña solicitado dende había semanas, co Deputado de Obras e cos Servizos Técnicos, onde lles trasladaron que os problemas con Fenosa e Telefónica pola súa parte estaban solucionados. De feito Fenosa estivo cambiando estes días postes, e agora presentouse un pequeno problema que estaban intentando solucionar, porque existen varios veciños que se opoñen completamente a que se movan os postes, a pesares de que legalmente poden facelo, e que nos vindeiros días se intentará coa presenza dos corpos e forzas de seguridade do Estado. Polo que respecta a Telefónica xa teñen o visto e praxe e calculan que se fará de inmediato, e en canto á modificación da ponte trasladáronlle na reunión que se intentará aprobar en maio, e como as obras se van a renovar cando estean os postes movidos, pensa que estará aprobada antes de que rematen o resto das obras.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Sinala ademais que na citada reunión insistíuselle moito na urxencia da obra e na gran preocupación veciñal que existe, e que todos os grupos municipais de Vedra están empuxando por esa obra.

2º.- En canto á subvención para monitor deportivo, di que nesa convocatoria a Deputación permite subvencionar a contratación indirecta, polo tanto non se vaia a contratar persoal, senón que a citada subvención se aplicará a unha porcentaxe da factura de Acofide en relación cos técnicos deportivos que imparten actividades no pavillón municipal.

3º.- Polo que respecta aos cursos de informática, o concelleiro de cultura, don Enrique Vázquez, di que van a ser impartidos pola empresa Tesla Technologies.

4º.- Sobre da factura de Freiría, di que se aprobou agora porque se esqueceu de enviala.

5º.- Por último contéstalle que o concello non ten, nin tivo nunca, unha axuda directa para o fomento da natalidade, e que en calquera caso na Mesa a constituír sobre do problema da poboación se tratará o tema.

--Aos rogos e preguntas do Sr. Lago do PSdG-PSOE, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre da subvención á AA.VV de Vedra para obras no cemiterio, que intentarán axilizar o pago da mesma.

2º.- En canto ao tema do catastro, di que aínda non lle remitiron a información que comentou no anterior pleno, e polo que respecta ao IBI dos bens de titularidade das AA.VV, di que efectivamente o informe xurídico di que non cabe legalmente, aínda que haberá que buscar algunha alternativa legal.

--Ás preguntas do Sr. Castro do BNG-AA, a Presidencia di que o tema das axudas a estudantes xa se aprobou hoxe no punto 2º, e o resto da súa intervención nin son rogos nin preguntas, como ben dixo el, senón máis ben comentarios, polo menos no tema económico, que non cre que sexa este o momento para entrar, que haberá oportunidade nos vindeiros meses, en pleno ou noutros foros, para debater e discutir sobre do mesmo. Polo que respecta á factura do Sr. Rodríguez Dacal, expón que xa dixo na Comisión Informativa que non é práctica habitual, que se trata dunha cuestión moi puntual e específica, insistindo que se está a falar dun Pazo, que é un BIC a nivel estatal, único no concello, espazo botánico máis importante de Galicia,etc, e non existía ningún libro concreto sobre del, e creron que era algo necesario, e a persoa máis experta en Galicia era don Carlos Rodríguez Dacal.

Sinala ademais que o Sr. Castro lle criticou o importe, comparando co orzamento municipal para transporte público, e que a partida figura no orzamento coa cantidade que esixe a Xunta como contribución ao Transporte Metropolitano, indicando tamén que se trata do mesmo importe pagado para a publicación do libro de Ponte Ulla, que non obstante el non critica, e o xusto sería, senón quere facer demagogia, criticar os dous ou ningún.

--Por último e con respecto ao formulado polo Sr. Pose do BNG, di que haberá que falalo na Comisión Urbanística correspondente.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula as seguintes preguntas:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1º.- Que previsións hai de cambiar a herba artificial do campo de fútbol de San Mamede, porque son sabedores de que é unha solicitude deste equipo, que ten unha historia longa no concello, no que se practica deporte todos os días, adestramentos e partidos as fins de semana, e xa ten 13 anos?

2º.- Di que coa choiva as pistas estanse a deteriorar e habería que facer unha relación das que peor están e ver cales se van arranxar.

3º.- Cónstalle que se comprometeron a repoñer as filtracións de auga da cantina que está no palco de Trobe, rogándolle que se poñan con iso.

4º.- Di que á vista da contestación da Presidencia sobre das obras da estrada de Vedra - Santa Lucía, parece todo un despropósito, porque despois de tanto esperar para darlle continuidade a esta estrada, comezan as obras e parálanse e levamos así 6 meses por uns postes, e non sabe o que realmente pasou co tema da ponte posto que se adjudicou unha obra que estaba mal o proxecto. Espera que sexa verdade que vai dunha vez e se poida cantar vitoria, sobre todos os veciños/as de San Xián, que son os máis afectados.

A Presidencia sinala que na reunión lle transmitiu que todos ían a presionar, contestándolle a citada concelleira que pola súa parte o van facer.

5º.- Cando vai estar arranxado o tema do local para os grupos políticos?

A Presidencia contéstalle que en principio estará listo para o novo curso político.

6º.- En relación coa denuncia que presentou un veciño, don José Agrelo Rosende, rexistrada o 02/01/2016, para que se retirasen unhas pedras que existían nunha pista pública. Como está o tema? Existe un prazo para a súa retirada?

7º.- Para rematar quere felicitar á Concelleira de Igualdade polo programa de Vedra Horta de Compostela, pois cre que é unha iniciativa positiva, que tamén levaba o su grupo no programa electoral, esperando que teñan resultados.

--O Sr. Lago do PSdG-PSOE do PSdG-PSOE, di que acaba de saír a resolución do programa FOAXCA (Programa Básico de Inserción Social), no que figura Vedra cunha cantidade de 9.500 euros. Ese importe vaise incluír nos orzamentos de servizos sociais ou son para algo concreto?

Tamén sinala que con respecto aos audios dos plenos, o seu grupo tamén os ten colgados na súa páxina web como enlace externo, e revisándoos di que na web municipal faltan tres: os ordinarios do 23/11/2015 e 28/12/2015 e o extraordinario-urxente do 20/01/2016.

A Presidencia dálle as grazas pola información.

--Don Roberto Castro do BNG-AA, formula as seguintes preguntas:

1º.- Á vista da resposta sobre da factura de don Carlos Rodríguez Dacal, di que con respecto ao seu importe foi unha das argumentacións da Presidencia, que dixo que era unha eminencia e unha “changa”, que o BNG o que cuestiona non é o importe senón o procedemento, e xa que falou do libro de Ponte Ulla, pregunta se o procedemento foi o mesmo.

En relación co tema do transporte público di que coa súa contestación acaba de descubrir unha evidencia, é dicir, en transporte público o Concello de Vedra inviste unicamente o que lle obriga a Xunta polo transporte metropolitano, que de non ser así o investimento sería cero.

A Presidencia di que neste caso estase a falar dunha partida concreta, ademais o concello colabora co transporte noutros conceptos, como acontece cos colexios, con excursións e outros, pero o tema de transporte dará para grandes debates.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2º.- Solicítalle que explique a ausencia de Vedra na Mesa de Traballo de loita contra os desafiuzamentos, no partido xudicial de Santiago de Compostela, que parece ser que Vedra por dúas veces declinou participar. A este respecto sinala que o noso concello foi pioneiro hai catro anos, cando se aprobou unha moción presentada polo BNG, na que instaba ás entidades bancarias a seren sensibles á dación en pago ou en consecuencia se aplicarían medidas coercitivas contra estas, como a retirada de fondos, e incluía outras medidas de apoio ás persoas afectadas, e se ben Vedra é un concello onde non existen moitos casos de desafiuzamentos, cre necesario que Vedra estea nesa Mesa de Traballo, tanto polo que poida aportar como polo que poida recibir, incluso no reacollemento de afectados que axudaría a manter o padrón municipal de habitantes que tanta falta nos fai, e poñendo en uso un alugueiro de vivendas baleiras. Ademais -di- entende que ten estar con quen está na mesma, Teo e Compostela, en servizos públicos básicos como transporte e servizos de emerxencia, se non queremos saír da situación de decadencia demográfica na que estamos metidos; porque está ben que nos xuntemos con Teo e Compostela para o tema do Entroido e o refuxio de animais, pero é imprescindible que esteamos cando se tratan problemas dos máis graves que están a afectar á sociedade, como son os desafiuzamentos

Expón tamén que en concordancia coa ausencia de Vedra está tamén a ausencia de Boqueixón.

A Presidencia di que no vindeiro pleno lle contestará, pero moitas das cousas que está afirmando está equivocado, e que no pleno de Ames tamén saíu ese comentario e sorprendeulle, que comprobará os datos e que pode estar equivocado, pero non ten constancia de que o invitasen, e independentemente diso, asegúralle que o equipo de goberno pelexa moito por calquera situación de desafiuzamento que poida acontecer neste concello.

Intervén o concelleiro de servizos sociais, don Rogelio Lema, e di que non ten constancia algunha sobre da convocatoria desa Mesa.

O Sr. Castro di que de ser así confirma a hipótese do Sr. Pose da falta de cariño con Compostela.

3º.- Respecto da execución do orzamento do 2015 e dos datos facilitados pola Presidencia, hai un incumprimento da moción pola que se deberían reverter 69.000 euros no incremento das partidas de servizos sociais e educación. Recórdalle que hai un ano cos votos favorables do PP aprobouse en pleno unha moción presentada polo BNG para que se revertesen 69.000 euros procedentes do incremento das taxas e impostos municipais durante os catro anos de lexislatura do PP, nas partidas de servizos sociais e educación, e despois de solicitarlle un plan de execución da moción, que desatendeu, con posterioridade no mes de setembro tentou xustificar o cumprimento dos orzamentos en educación coa execución de pequenas obras en escolas e colexios, que se fan todos os anos no mes de agosto, e resulta que esas obras que enumerou nese momento foron facturadas no mes de setembro e pagáronse con cargo ao orzamento do 2016. Cre que non é necesario recordar o déficit co que se pechou o orzamento do 2015, que xa non existía crédito para pagar esas facturas, entre outras?

O que si queda patente é a súa falta de verdade e o incumprimento do aprobado nesa moción, polo que solicitalle unha explicación, se ten a ben.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



4º.- Di que teñen solicitado a consulta de dous expedientes hai máis dun mes, das cales non teñen respostas, un relativo ao vertido dos lodos das fosas sépticas municipais e outro relativo á subvención concedida á Asociación Amigos da Camelia para as xornadas arredor da camelia.

4º.- En relación á depuradora de San Mamede de Ribadulla, sabe que foi mudada a súa localización inicialmente prevista, de maneira que se acercou máis ás vivendas de Neira de Abaixo, e que o proxecto foi aprobado por Augas de Galicia cumprindo toda a normativa, pero evidentemente a nova localización é moito máis molesta para os veciños/as de Neira de Abaixo.

Sinala tamén que o Sr. Alcalde e o concelleiro don Enrique Vázquez mantiveron unha reunión cos veciños/as e segundo lle informaron na mesma prometéronlle a estes veciños/as que lles ían facer o enganche do saneamento gratis, lembrándolle que ningún deles presentou alegación á nova situación da depuradora, a pesares das molestias que ían padecer.

É certo que lle prometeron iso?. É certo que actualmente están a negar ese beneficio?

Di que o seu grupo entende razoable que se lles facilite o enganche dado que son os que máis molestias van sufrir.

--O Sr. Pose do BNG di que dado que a Presidencia non lle contestou á pregunta sobre do muro de San Xián de Sales, pregunta de novo se persoalmente se fai responsable desa obra. Sinala tamén que con respecto á comisión de urbanismo xa lle solicitou que a convocase hai un mes.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e trinta minutos.